



Memoria explicativa das actividades do ano 2015

A Asociación Cultural Musical Solfa continuou un ano máis na liña de incidir e traballar a prol da normalización cultural e lingüística de Galiza. Fixemos unha programación ampla e destacada no ámbito cultural e musical. Programamos distintas actuacións co fin de conseguir os obxectivos marcados. Destacamos as nosas actividades no ano 2015:

13 de Febreiro. Concerto do Antroido no Centro Sociocultural das Fontiñas

Solfa ten como cita ineludíbel a organización do concerto do Entroido. Todos @s membr@s da Banda de música e coral de Solfa acudiron disfrazados. Temos especial interese en continuar esta festa, unha tradición milenaria e de grande participación dos cidadáns, aínda que de xeito desigual en distintas localidades do noso País.

Día de Rosalía de Castro 2015

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) promoveu, un ano máis, a conmemoración o 24 de febreiro, aniversario do nacemento da autora, do ***Día de Rosalía de Castro***. Este ano 2015 a AELG propuxo celebralo baixo o lema ***“Eu son Rosalía”***. Grazas ao convite da AELG, a Coral de Solfa actuou no Panteón de Galegos/as Ilustres o día 22 de febreiro, domingo, ás 12.00h. no transcurso do acto homenaxe á nosa escritora.

Actos de apoio á Iniciativa Lexislativa Popular sobre o dereito ao coñecemento e á contemplación da obra de Castelao polo pobo galego.

A **Asociación Cultural e Musical Solfa**, integrante da Federación de Asociacións Culturais Galiza Cultura, xuntamente con outras organizacións sociais (Asociación Socio-Pedagóxica Galega, Mesa pola Normalización Lingüística...) sensibilizadas co tratamento que se lle está a dar á obra de Castelao, organizaron o **día 25 de febreiro no Museo do Pobo Galego** unha mesa redonda baixo o título ***“Achegamento a Alfonso R. Castelao”*** na cal interviñeron: Xoán Carlos Garrido, Xosé M. Rei Romeu e Paulo Porta. Pechouse o acto cunha breve actuación da nosa Coral.

Solfa recolleu máis de 2000 sinaturas dos milleiros necesarios para presentar no Parlamento Galego esta ILP. No centro Sociocultural das Fontiñas fixemos unha exposición dalgúns dos debuxos de Castelao. A apertura da exposición, o 17 de abril, foi acompañada dun concerto por parte da Banda e coral de Solfa. Léronse textos de Castelao e a Coral estreou o poema de Ramón Cabanillas, ***Na Morte de Castelao***, musicado polo noso director Francisco Tobar.

Mobilización no Día das Letras Galegas.

A Asociación cultural e musical Solfa, integrante na plataforma *Queremos Galego*, fixo un chamamento aos seus socios e socias para mobilizarse o 17 de maio en Compostela. Nesta convocatoria, baixo o lema *Galego, garantía de futuro*, a Coral de Solfa participou cantando o poema de Cabanillas *Na morte de Castelao* e Fistera (Popular).

XII Encontro de Bandas de Música en Narón

No Pazo da Cultura de Narón, ás 17.00h. do domingo 19 de abril deu comezo o XII Encontro de Bandas de música en Narón coa intervención da Banda de Música de Solfa, seguidamente a Agrupación Cultural de Ribadumia e fechou o encontro a Xove Banda de Narón.

Concerto “Irmandade Coral Galiza – Euskal Herria” . 1º de maio

A Escola de Ensino Galego Semente, o 1 de maio no CEIP Apóstolo Santiago en Compostela organizou un encontro entres corais: Coral Monte Txio de Zarauz, Coral Olagarro de Hondarribia, Coral Xumela e Coral de Solfa. Con este concerto quixemos irmandar as nosas linguas e culturas propias.

Concerto da Coral El Canto e a Coral Solfa no Museo do Pobo Galego

O día 2 de maio, o Museo do Pobo Galego foi testemuña do concerto realizado pola Coral El Canto de Colmenar Viejo e a Coral de Solfa. Sabemos que a súa visita a Compostela quedou nas súas memorias como un lugar cheo de arte e historia, cun pasado e presente descoñecido para moitos e moitas pero que non deixou indiferente a ningún/a coralista.

Festival de Bandas de Música en Compostela

O día 23 de maio a nosa asociación organizou o primeiro Festival de Bandas de Música en Compostela. Ás 18.00h. no campo da festa de Vidán, na Rúa da Igrexa de Vidán, deu comezo este concerto coa Banda Municipal de Música de Lousame, seguidamente a Xove Banda de Narón. Finalmente a Banda de Solfa dirixida por Fernando Rei Maio despedímonos coa interpretación de Aires Galegos de X. Montes, *Fantasia* sobre temas Galegos de Simón Cruceiro

Festas en Arca – O Pino. Xuño de 2015

A Comisión de festas de Arca, convidou á banda de música de Solfa a participar nas súas festas. O concerto comezou ás 17.30h. coa nosa banda; a continuación a quenda foi para a Banda de Música de Monção (Portugal) e rematou coa Banda de Música de Arca.

VIII Encontro de música coral. Fontiñas 2015

Vén sendo habitual a participación da Coral de Solfa no encontro de música coral nas Fontiñas, organizado pola Confraría de Santo Antonio. O 6 de xuño nos locais parroquiais das Fontiñas a Asociación Folclórica e Cultural Xirandaina, Coral Irmán Gómez e a Coral Carrocería Castrosúa, a nosa Coral de Solfa, baixo a dirección de Franciso Tobar Cereijo, interpretamos diverso repertorio para deleite dos asistentes.

Concerto didáctico. Xuño 2015

Como remate do curso o día 26 de xuño no centro sociocultural das Fontiñas cun concerto didáctico demos por finalizadas as clases de instrumento e linguaxe musical. Ofrécese un programa amplo e variado en que os alumnos/as de piano, frautas,

clarinetes, trompas, saxos, trompetas e cun concerto final da coral e banda puxemos o broche final para pasar a gozar dunhas vacacións ben merecidas nese ano 2015

Convite ao Convivio da Cultura Galega en Outeiro de Rei

O día 11 de xullo celebramos o 2º Convivio da Cultura Galega, unha xornada de festa e foliada arredor da cultura do País. Na carballeira de Santa Isabel, en Outeiro de Rei, onde o Miño e o Ladra se encontran, tivemos actuacións musicais, con homenaxe a Manuel María, xantar compartido, posibilidade de visitar a Casa Museo do escritor e... moita festa. Pola mañá comezamos coas bandas de música de Solfa, Rábade e Begonte e Xuvenil da escola de música de Rianxo e coral de Solfa. Pola tarde tocar, cantar, bailar... nunha paraxe magnífica...

Festival de Panxoliñas de Nadal 2015

O 13 de decembro, ás 17.00 h, na Igrexa parroquial de Santa María dos Ánxeles en Brión, deu comezo o Festival de Panxoliñas de Nadal. Actuou a Coral Polifónica de Bugallido, seguidamente a Coral de Solfa, a Rondalla de Aguiño, o Grupo Pange Língua de Muros, as Pandereteiras de Brión e rematouse cos antigos Tunos casa da Troia.

Concerto da Coral de Solfa na Residencia de maiores de Volta do Castro

Un ano máis, os nosos/as maiores da Residencia da Volta do Castro recibiron a visita da Coral de Solfa. Intentamos que cos nosos cantos de panxoliñas e cancións populares galegas e portuguesas, pasasen un momento agradábel na nosa compañía.